



congapasantiago@gmail.com

COMUNICADO DO DIA 14 DE ABRIL DE 2020

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE ANPAS, CONGAPA, en relación a actual situación derivada da pandemia do COVID-19, de cara ao desenvolvemento e finalización do presente curso escolar **MANIFESTA O SEGUINTE:**

As familias somos conscientes do momento tan excepcional que estamos vivindo, no que o mundo fai fronte a unha pandemia que ten incidencia na saúde das persoas, que é o mais importante, aínda que tamén para a economía de moitas familias. Tanto as nais, país coma os fillos estamos sufrindo e soportando da mellor maneira posible, con moita paciencia, resignación e coa esperanza de que isto acabe o antes posible.

Esta Confederación representa a máis do trinta por cento das familias da Comunidade Escolar de Galicia. Ademais, a gran maioría dos nenos con necesidades educativas especiais están nos centros das nosas ANPAS asociadas.

As familias das nosas ANPA, están sufrindo gran nivel de estrés emocional e psicolóxico pola situación pandémica e pola incerteza que se xera non ter directrices claras sobre os contidos e a avaliación dos nenos e nenas, que se ve incrementada nos cursos superiores, especialmente no segundo de bacharelato. Ademais e para ter datos reais do impacto e da situación, puxemos en marcha unha enquisa que estase a cumprimentar polas nais e os país das ANPAS confederadas.

Todos os nosos centros e o seu profesorado implicáronse o máximo dende o primeiro día para tratar de continuar coa docencia por as distintas vías que os medios telemáticos ofrecen na actualidade. Non obstante, isto non permite unha avaliación efectiva dos traballos dos estudantes e ademais, non todos poden acceder con efectividade ós contidos impartidos.

O mesmo tempo, os alumnos/as con necesidades educativas especiais precisan dunha atención moito mais alá da impartición de contidos académicos que, dada a situación excepcional, non poden recibir.

Para finalizar, ningunha Confederación de ANPAS ou sindicato profesional se puxo en contacto con nos para a elaboración dun comunicado conxunto.

A vista da situación, sería necesario, e polo tanto, solicitamos das Administracións educativas o seguinte:

1. É necesario establecer unhas directrices claras e concretas sobre os contidos e currículos para o desenvolvemento tanto deste curso como do vindeiro en función dos acontecementos previsibles e posibles que permitan continuar co aprendizaxe pero sin causar mais estrés aos alumnos e as familias.
2. Que a avaliación do curso actual (nas etapas de primaria, secundaria e bacharelato), se faga en función das dúas primeiras avaliacións, limitándose o resto do curso ao reforzo dos contidos xa impartidos ou a contidos novos esenciais, limitados e moi concretos, que permitan na medida do posible a recuperación aos alumnado que non superaron as materias nestas avalicacións.

Non somos partidarios do aprobado xeral. Cremos que o curso hai que finalizalo o 22 de xuño, dedicando a terceira avaliación a repasar, reforzar e recuperar coñecementos impartidos no primeira e segunda avaliación, principalmente das asignaturas troncais e avaliar o traballo feito na casa, tendo en conta os recursos dispoñibles de cada alumno/a.

No referente o curso de segundo de bacharelato deberá establecerse un programa específico para preparar a EBAU. Respecto a esta proba, entendemos que se non se conseguiu unificar para todo o estado en condicións normais, e moi difícil lograr o consenso agora nestas circunstancias excepcionais, polo que de alcanzalo, sería de forma precipitada e improvisada.

3. Resulta imprescindible establecer unhas directrices claras sobre as materias que permiten ou non permiten promocionar o curso.
4. Hay que deixar aberto o curso si fixera falta ata o mes de setembro para permitir a os alumnos/ recuperar esas materias no mes de setembro.
5. Ter en conta a opinión das familias na toma de decisións de agora en diante en todo o relacionado coa educación. E o mesmo tempo, que todas as directrices da Consellería de Educación relativas a finalización do curso sexan publicadas na web da Consellería para coñecemento de todos.
6. Y que as axudas anunciadas polo Presidente da Xunta de Galicia e coordinadas pola Consellería de Educación en material e tecnoloxía (tabletas, ordenadores, fibra e internet, tarxetas de datos, etc..) sexan para todos os centros sostidos con fondos públicos e para todo o alumnado destes. Tamén hai alumnos/as da rede pública concertada que tampouco dispoñen dos medios tecnolóxicos necesarios para poder traballar online.